



EXPEDIENTE: 15161-445	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

I.-ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local , na sesión ordinaria na sesión ordinaria do 15 de marzo de 2018, acordou Adxudicar a TALLERES FONTÁN, S.L. o lote 1 “turismos e furgonetas” do procedemento aberto para a contratación do Servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 (Expte.: 12.659-445).

Dito contrato foi formalizado en data 27.04.2018, contemplando un prazo de duración de dous anos.

II.- En datas 23 de abril de 2020 e 22 de abril de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas do contrato do Servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 , por prazo dun ano cada unha delas, en favor da empresa TALLERES FONTAN, S.L.

III.- O referido contrato atópase actualmente en vigor, rematando o vindeiro 27 de abril de 2022, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo.



EXPEDIENTE: 15161-445	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

II.- NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

O artigo 28 da Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro de 2.014, en adiante LCSP, establece que a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión. Xustifícanse no presente informe as devanditas necesidades así como a súa relación directa, clara e proporcional co obxecto do contrato.

O Concello de Vigo conta cun amplo Parque Móbil de vehículos municipais que abastece de vehículos aos diferentes servizos municipais que requiren. Durante o ano os citados vehículos precisan de mantemento e reparacións, servizos para os que en moitos casos non se dispón de medios humanos e materiais axeitados no parque móbil municipal.

No Parque Móbil Municipal dispónse dun pequeno taller mecánico dotado dos medios necesario para facer pequenas reparacións ou traballos de mantemento de carácter rutineiro e non excesivamente complexos.

Para o resto de reparacións que precisan de maquinaria específica, cualificación especial de marca, talleres de dimensións axeitadas, etc., é necesario desenvolver estas necesidades a través dos servizos de talleres profesionais en cada un dos tipos de vehículos do Parque Móbil,



EXPEDIENTE: 15161-445	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

coa finalidade de solucionar coa dilixencia precisa as incidencias diarias que poidan xurdir.

Por outra banda, existe un número de traballos de mantemento e pequenas reparacións que poden ser asumidas con medios propios do Parque Móbil municipal, para o cal é necesario contar con subministro dos materiais axeitados.

2. Idoneidade.

Ao abeiro de todo o exposto, considérase o obxecto e contido do contrato idóneo para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse, e imprescindible para o correcto funcionamento do Parque Móbil.

A opción da contratación mixta de servizos e subministro considerase, segundo os técnicos que subscriben, que resulta a opción mais adecuada para o desenvolvemento adecuado dos traballos de mantemento e reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo, garantindo deste xeito unha maior eficiencia na utilización dos fondos públicos, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e principio de control de gasto, que deben presidir toda contratación pública.

III.- CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

No referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato mixto de servizos e subministro dos previstos no artigo 18 da LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 19.1 e 22.1.b) LCSP, , o presente contrato terá a consideración de contrato suxeito a regulación harmonizada polo seu obxecto e cualificación en relación co valor estimado, calculado conforme ás regras establecidas no artigo 101 e o



EXPEDIENTE: 15161-445	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

carácter da entidade contratante.

IV.- FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art.25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, xa que se trata dun servizo para a correcta utilización de medios necesarios para o desenvolvemento dos servizos contemplados como competencias propias (bombeiros, policía local, etc...)

Así mesmo, o artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), dispón que os expedientes se iniciarán de oficio cando se trate de necesidades do servizo público.

V.- PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación.

VI- CONCLUSIÓN

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación do **Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo.**

A Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos.



EXPEDIENTE: 15161-445	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

O Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos.- Juan Sánchez González.

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra.

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019),

RESOLVO: “Iniciar expediente para a contratación do Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza.- Francisco Javier Pardo Espiñeira.

DOU FE,

A Secretaria do Goberno Local. (Por resolución de encomenda de funcións de data 01.09.2021).- Susana Gallardo Fariña.